



ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE BANDE PARA A ELABORACIÓN DO PLAN DIRECTOR E O PLAN DE USOS DA REITORIAL DE SANTA COMBA DE BANDE, ASÍ COMO PARA A EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS URGENTES.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia asinou o 1 de outubro de 2020 un convenio de colaboración co Concello de Bande co obxecto de establecer as bases de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e o dito concello para a elaboración do Plan Director e o Plan de Usos da Reitoral de Santa Comba de Bande, así como para a execución das actuacións urxentes.

Que na cláusula oitava do convenio se establece que o prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención remata o 30 de novembro de 2020.

Que por parte do Concello de Bande se solicitou unha ampliación do prazo de execución e de xustificación, establecidos no convenio, ante a imposibilidade de rematar as actuacións e xustificalas axeitadamente debido á súa complexidade, a amplitude dos prazos que marca a lexislación aplicable e a concesión das autorizacións preceptivas.

As actuacións e trámites administrativos a desenvolver, que esixen o cumprimento duns prazos determinados, son complexos debido á cantidade de recursos invertidos, dificultade técnica, necesidade dun diagnóstico previo e incerteza do entorno e contexto.

Por este motivo, resulta preciso e as partes acordan ampliar o prazo de execución e de xustificación de xeito que se poida executar o proxecto subvencionado de forma axeitada. Así mesmo, o establecemento do prazo de xustificación permite a verificación do cumprimento dos requisitos fixados no convenio dentro do exercicio orzamentario correspondente.





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Turismo de Galicia

galicia

Que a addenda que se pretende asinar se **fundamenta** na necesidade de modificar a cláusula oitava do convenio, relativa á xustificación de fondos e pagamento.

A referida addenda se rexerá polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela
O xerente de Turismo de Galicia

Emilio José de la Iglesia Lema

